



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DO 2016

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Don Camilo Forján Seoane.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte de decembro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total once dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria que é o seguinte:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DÍA 20 DE DECEMBRO DO 2016, ÁS 20:00 HORAS..

Dase conta da seguinte proposta de data 20 de decembro do 2016, que di:

<<Visto que a modificación número 1 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello

foi aprobada inicialmente na sesión plenaria realizada o 17 de outubro de 2016 e que o trámite de información ao público e audiencia aos interesados rematou o pasado 9 de decembro de 2016, durante o cal presentáronse varias alegacións.

Visto que se pretendía que a modificación da Ordenanza entrara en vigor o 1 de xaneiro de 2017 para o cal é preciso que o texto íntegro aprobado esté publicado no BOP e teña transcorrido o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Ratificar a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal convocada para o 18 de decembro de 2016 para os efectos de que a modificación número 1 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública poida entrar en vigor canto antes.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día da súa adopción, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non habendo ningunha intervención, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 20 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA.

Dase conta da seguinte proposta de data 19 de decembro do 2016, que di:

<<Antecedentes administrativos.


Primeiro. En cumprimento do informado na sesión extraordinaria da Comisión Informativa A) do 10 de maio do 2016, polo servizo de urbanismo e rehabilitación redactouse unha proposta de modificación da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública vixente neste Concello (publicada no BOP nº 267 do 19 de novembro de 2004) no sentido de peatonalizar as rúas do casco histórico comprendidas dentro do ámbito delimitado polas rúas Castelao, Porta Fondo de Vila, avenida de Compostela e rúa Bordel.

Segundo. Por Providencia do señor Alcalde do 18 de xullo de 2016 trasládase a proposta ao servizo da Policía local para o seu informe, o cal resulta emitido o 29 de xullo de 2016 en sentido favorable. Recoméndase neste informe que se inclúe un procedemento para o outorgamento das autorizacións de acceso á zona peonil fóra do horario establecido nos casos dalgunha urxencia que se produzan en horario de tarde, pola noite, en fins de semana ou en festivos.

Terceiro. O 11 de agosto de 2016 remítese a proposta de modificación e o informe emitido polo Xefe da Policía local a todas as concelleiras e concelleiros da Corporación Municipal non integrados no grupo de goberno.

Cuarto. O 19 de setembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo asina unha nova proposta de modificación incluíndo un procedemento no artigo 17.5 para os casos de urxencia que se produzan en días ou horarios de non apertura das oficinas municipais.

Quinto. En data 5 de outubro de 2016 o alcalde asina a proposta de aprobación inicial da ordenanza conforme a derradeira proposta do asesor xurídico en materia de urbanismo.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sexto. En data 17 de outubro de 2016 aproba a ordenanza inicialmente e ordena a publicación dos correspondentes anuncios no BOP e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e a apertura polo período de 30 días hábiles dun trámite de información ao público e audiencia aos interesados durante o cal poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Sétimo. O anuncio é publicado no BOP e no Taboleiro o 25 de outubro, polo que o prazo rematou o 9 de decembro do 2016 téndose presentado, tal e como certifica a secretaria municipal, un total de seis escritos de alegacións polos seguintes interesados:

- D. Jesús Maña Peña en representación de Maña, S.L.
- D. Marcos Antonio Mourelle Romero.
- D^a. María Josefa Calvo Tarrío en representación da asociación de empresarios de Padrón, Rois e Dodro.
- D. José Luis Baleirón Quiroga.
- D. Ángel Vidal Vidal.
- D. Manuel del Río Solla.

Oitavo. En data 9 e 14 de decembro de 2016 emítense informes técnico e xurídico sobre cada os escritos de alegacións presentados.

Noveno. Debido á imposibilidade material de que se produza a entrada en vigor da ordenanza en data 1 de xaneiro de 2017, dada a necesidade de cumprir co prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición derradeira referirá a entrada en vigor no momento en que se cumpra o devandito prazo.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencia propia dos Municipios o *"tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade"*.

Segundo. Tendo en conta os informes técnicos e xurídicos emitidos para cada un dos escritos de alegacións, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Terceiro. Considerando que é o pleno o órgano competente para a aprobación de ordenanzas e regulamentos tal e como establecen os artigos 22.2.d. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (LBRL), e 64.2. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), e

Cuarto. Considerando o procedemento de aprobación das ordenanzas recollido no artigo 49 da LBRL e no artigo 196.2. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por don Jesús Maña Pena en representación de Maña, S.L. o 8 de novembro de 2016 polos motivos que se indican:

1. Á alegación de incrementar o peso máximo engadido para vehículos de carga e descarga na zona de carga e descarga ubicada na praza Camilo José Cela ata os 12.000 kilos, polos perxuícios derivados da circulación de tal tipo de vehículos polo enlousado do casco histórico, así como pola influencia da circulación e entrada de tales vehículos de cara a un uso peonil do casco e as dificultades engadidas para a circulación, así coma pola existencia de puntos de carga e descarga

próximos, ubicados no exterior da zona peonil, non sometidos á limitación de peso máximo engadido e dende os que se poden levar a cabo as labores de subministro.

2. Á alegación de ampliar o horario de carga e descarga ata as 12:00 horas pola mañá e o establecemento dun horario de tarde de 16:00 a 19:00 horas, polo feito de que o horario establecido non supón ampliación algunha do anteriormente vixente coa ordenanza, e pola existencia de puntos de carga e descarga próximos, ubicados no exterior da zona peonil, non sometidos á limitación horaria dos puntos de carga e descarga da zona, e dende os que se poden levar a cabo as labores de subministro.
3. Á alegación de ampliación dos percorridos de carga e descarga á rúa Ferreiros, por se tratar dunha rúa de anchura escasa, o que implica unha maior incidencia do tránsito rodado pola mesma, así coma por se tratar dunha das zonas con maior deterioro no enlousado polo tránsito de vehículos e a incidencia na circulación peonil e no resto de actividades que supón a circulación e a parada dos vehículos na fronte da axencia de Repsol. A circulación por tal rúa implica a ocupación de case a totalidade da mesma polas súas reducidas dimensións, cos riscos e molestias que de tal feito se derivan para o tránsito peonil. Estes mesmos motivos resultan de aplicación se cabe con máis razón no período estival e nas festas de pascua, cando a ocupación do casco histórico e a actividade peonil é maior.
4. Á alegación de establecer novas zonas de carga e descarga no exterior do recinto peonil, non se refire ao ámbito da modificación que queda circunscrita á peonización da zona definida na mesma, sen prexuízo de que se poida considerar o exposto dentro da competencia xerérica para a regulación do estacionamento por parte do Concello.

Segundo. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por don Marcos Antonio Mourelle Romero o 10 de novembro de 2016 polos motivos que se indican:

1. Á alegación de que se deixe sen efecto a modificación da ordenanza aprobada inicialmente, retornando ao sistema establecido con anterioridade, por diferir do criterio manifestado polo pleno que entende oportuna e axeitada a nova regulación, sen que a alegación conteña pronunciamento xurídico algún que xustifique a ineficacia da modificación aprobada inicialmente.
2. Á alegación de que a proxectada pasarela peonil sobre o río Sar se habilite para o paso de vehículos, por non formar parte do ámbito da presente ordenanza, sen prexuízo da súa consideración no correspondente procedemento para a execución do citado proxecto.

Terceiro. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por D^a. María Josefa Calvo Tarrío en representación da asociación de empresarios de Padrón, Rois e Dodro o 11 de novembro de 2016 polos motivos que se indican:

1. Á alegación de que se retrase a entrada en vigor da ordenanza na data prevista, sen prexuízo de que con posterioridade se adoiten medidas adicionais para solventar a retirada de prazas de estacionamento na zona peonil, a entrada en vigor ten coma finalidade introducir o novo réxime de tarxetas para propietarios ou titulares de prazas de garaxe na zona peonil no mesmo intre en que perdan validez as antigas tarxetas de residente, para unha evolución sinxela e lineal dos sistemas de paso, polo que non procede diferir a entrada en vigor da ordenanza, fóra do tempo imprescindible para o cumprimento dos trámites de información e o prazo da administración autonómica ou estatal para examinar a concordancia da ordenanza co ordenamento xurídico.
2. Á alegación da ampliación do horario de carga e descarga ata as 13:00 horas pola mañá e o establecemento dun horario de carga e descarga polas tardes, remitímonos ao expresado á segunda alegación efectuada polo representante de Maña S.L.. O horario establecido non supón ampliación algunha do anteriormente vixente coa ordenanza, e existen de puntos de carga e descarga próximos, ubicados no exterior da zona peonil, non sometidos á limitación horaria dos



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

puntos de carga e descarga da zona, e dende os que se poden levar a cabo as labores de subministro.

3. Á alegación de establecer zonas de parada de quince minutos: polas dificultades que presenta o control do tempo de estacionamento, que daría lugar a abusos, e pola existencia na ordenanza dun sistema para facilitar a entrada a vehículos fóra do horario autorizado por motivos xustificadas, cunha comunicación previa ao Departamento de Tráfico, que se entende da resposta ás necesidades expostas na ordenanza.
4. Á alegación de aumentar as prazas de estacionamento reservadas a persoas con mobilidade reducida, con independencia de que dentro das súas competencias se poida proceder á ampliación solicitada dentro da regulación do tráfico e o estacionamento, por non resultar referida aos preceptos obxecto de modificación, que se refiren en exclusiva á prohibición de estacionamento con carácter xeral no ámbito peonil delimitado pola ordenanza.
5. Á alegación de establecer novas zonas de carga e descarga no exterior do recinto peonil, non se refire ao ámbito da modificación que queda circunscrita á peonización da zona definida na mesma, sen prexuízo de que se poida considerar o exposto dentro da competencia genérica para a regulación do estacionamento por parte do Concello.
6. Á alegación de establecer unha zona ora no cinturón que bordea o casco histórico: o devandito establecemento dunha zona de estacionamento regulado en algunha das súas alternativas está sendo obxecto de estudo e seguramente requira unha ordenanza "ad hoc" que regule o seu funcionamento. En todo caso enténdese que non se refire aos preceptos obxecto de modificación.
7. Á alegación de establecer un teléfono 24 horas para pasos de urxencia, a propia modificación prevé un sistema de habilitación de pasos de urxencia por comunicación previa. Fóra destes casos, e en caso de emerxencia que non permita por marxe de tempo a presentación da comunicación previa, a Policía Local dentro das súas atribucións ordinarias de regulación do tráfico pode adoitar as medidas oportunas no tocante á entrada de calquera vehículo ou a súa circulación, prevalecendo as indicacións do axente da autoridade sobre o disposto na ordenanza, coma sucede en tódolos casos en que se produza unha indicación dun axente no tocante á regulación do tráfico, polo que se entende que tales eventualidades quedan cubertas co sistema establecido.
8. Á alegación de incrementar o peso máximo engadido para vehículos de carga e descarga na zona de carga e descarga ubicada na praza Camilo José Cela ata os 12.000 kilos, polos perxuízos derivados da circulación de tal tipo de vehículos polo enlousado do casco histórico, así como pola influencia da circulación e entrada de tales vehículos de cara a un uso peonil do casco e as dificultades engadidas para a circulación, así coma pola existencia de puntos de carga e descarga próximos, ubicados no exterior da zona peonil, non sometidos á limitación de peso máximo engadido e dende os que se poden levar a cabo as labores de subministro.

Cuarto. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por D. José Luis Baleirón Quiroga o 14 de novembro de 2016 polos motivos que se indican:

1. Á alegación de que procede admitir a circulación e estacionamento de vehículos na rúa Real, e de que tódolos cidadáns son titulares de dereitos, por se tratar dunha materia discrecional na que o parecer expresado de forma unánime polo Pleno do Concello con motivo da aprobación inicial considera que a mellor resposta para a armonización dos dereitos e deberes de tódolos cidadáns, entre os que se inclúe a liberdade de circulación e o disfrute da zona do Casco histórico, resulta a ordenación do tráfico referida na aprobación inicial. A maiores se reitera a incidencia da circulación continua de vehículos no enlousado tradicional do casco histórico e a competencia do Concello articulada a través do pleno para a regulación do tráfico e estacionamento de vehículos.

Quinto. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por D. Ángel Vidal Vidal o 17 de novembro de

2016:

1. Á alegación de que se retrase a entrada en vigor da ordenanza na data prevista, coma se manifestou anteriormente con motivo da alegación da Asociación de empresarios de Padrón, Rois e Dodro, sen prexuízo de que con posterioridade se adoiten medidas adicionais para solventar a retirada de prazas de estacionamento na zona peonil, a entrada en vigor ten coma finalidade introducir o novo réxime de tarxetas para propietarios ou titulares de prazas de garaxe na zona peonil no mesmo intre en que perdan validez as antigas tarxetas de residente, para unha evolución sinxela e lineal dos sistemas de paso, polo que non procede diferir a entrada en vigor da ordenanza, fóra do tempo imprescindible para o cumprimento dos trámites de información e o prazo da administración autonómica ou estatal para examinar a concordancia da ordenanza co ordenamento xurídico.
2. Á alegación que solicita a ampliación do horario de carga e descarga, remitímonos ao expresado á segunda alegación efectuada polo representante de Maña S.L., así coma á efectuada pola Asociación de empresarios de Padrón, Rois e Dodro. O horario establecido non supón ampliación algunha do anteriormente vixente coa ordenanza, e existen de puntos de carga e descarga próximos, ubicados no exterior da zona peonil, non sometidos á limitación horaria dos puntos de carga e descarga da zona, e dende os que se poden levar a cabo as labores de subministro.
3. Á alegación de establecer zonas de parada de quince minutos: polas dificultades que presenta o control do tempo de estacionamento, que daría lugar a abusos, e pola existencia na ordenanza dun sistema para facilitar a entrada a vehículos fóra do horario autorizado por motivos xustificadas, cunha comunicación previa ao Departamento de Tráfico, que se entende da resposta ás necesidades expostas na ordenanza.
4. Á alegación de establecer novas zonas de carga e descarga no exterior do recinto peonil, non se refire ao ámbito da modificación que queda circunscrita á peonización da zona definida na mesma, sen prexuízo de que se poida considerar o exposto dentro da competencia xenerica para a regulación do estacionamento por parte do Concello.
5. Á alegación referida á necesidade de que os comerciantes conte cunha tarxeta que lles autorice a parada e o acceso aos seus negocios en horario comercial, porque o establecemento das citadas zonas só para a parada dos vehículos sería difícil de controlar e manter, e se produciría unha duplicidade ao dotar de dous tipos de tarxetas, complicando en esencia o sistema de control de acceso de vehículos. Se xurde a necesidade de entrada na zona peonil, os comerciantes poden acollerse ao sistema de comunicación previa determinado para as entradas extraordinarias especificando as causas que xustifican tal feito.
6. Á alegación do establecemento dun sistema máis áxil para as entradas extraordinarias de vehículos por motivos de urxencia, cun teléfono de contacto coa Policía Local ou correo electrónico, pola existencia na actualidade dun portelo de acceso electrónico onde se poden tramitar todo tipo de solicitudes por vía telemática, sen necesidade de acudir ao Concello de xeito presencial ou por calquera dos medios válidos de presentación de documentos.

A maiores, coma se referiu en resposta a outras alegacións no mesmo sentido, a habilitación dun teléfono de contacto da Policía Local para pasos de urxencia viría incardinada dentro da autorización xenérica para vehículos de emerxencias que sí poden acceder á zona peonil. Calquera outra eventualidade pode ser cuberta mediante unha chamada á Policía Local sen necesidade de que esté prevista tal circunstancia na ordenanza, debido a que se o axente da Policía Local en cuestión estima que concorren motivos de urxencia que xustifican a entrada dun vehículo non específico de servizo de urxencias, as súas indicacións coma axente da autoridade prevalecerán sobre a sinalización ou disposición xeral reguladora do tráfico. Entendemos que a ordenanza non pode ter vocación de cubrir tódalas eventualidades posibles, deixando un marxe discrecional para que a autoridade competente en regulación do tráfico poida adoitar as medidas que estime



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

oportunas para solventar situacións de emerxencias sen previo aviso.

Sexto. Desestimar as seguintes alegacións realizadas por D. Manuel del Río Solla o 30 de novembro de 2016 polos motivos que se indican:

1. Á alegación de que a rúa real non ten carácter de casco histórico, dado que non contén ningún monumento e os seus edificios son de relativa recente construción, Fóra do elemental feito de que a propia denominación da rúa coma Real adoita corresponder con viais de considerable antigüidade e arraigo histórico, a rúa Real forma parte do entorno no que se ubican a casa museo de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia e o cemiterio de Adina, así coma o Xardín Botánico. Este conxunto e o seu entorno foi definido como Ben de Interese Cultural coa categoría de paraxe pintoresco polo Real Decreto 3260/1977, e dentro do ámbito do mesmo, referido reiteramos non só aos devanditos monumentos senón ao seu entorno, se inclúe a totalidade do centro histórico da Vila de Padrón, incluída a rúa Real. A escasos 50 metros lineais da rúa Real se ubica un Ben de Interese Cultural, o Xardín Botánico.

A maiores, é de destacar que a clasificación do solo realizada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón no relativo á rúa Real é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL EN NÚCLEO ANTIGO (URNA) sen que esta cualificación fose obxecto de alegación algunha nin se teña discutido tal carácter dende a aprobación do Planeamento no ano 1994.

2. Á alegación do prexuízo económico e a decadencia do casco histórico, non se efectúa pedimento algún senón unha serie de consideracións de orde personal e exemplos de vías peonís nos Concellos do entorno, o que non fai senón refrendar o feito de que a proposta de modificación aprobada inicialmente constitúe o exercicio dunha competencia municipal plena, que adoita unha medida que entende favorecedora para o ámbito da ordenanza.
3. Á alegación de que os veciños da rúa Real son detentadores dun dereito real de servidume pública, constituída por razóns de interese público para uso de todos ou dunha colectividade, que debe ser obxecto dun procedemento de expropiación, así coma que a aprobación da ordenanza supón a comisión dos delitos de coaccións, prevaricación, abuso de autoridade e falsedade documental, A rúa Real, de igual forma que o resto dos viais do Concello, é de titularidade municipal e pública, sen que se estableza sobre o mesmo ningún tipo de servidume en favor dos propietarios de inmobles que den fronte ao mesmo. As cesións e medios de execución do planeamento referidos aos viais inciden expresamente no feito de que os mesmos dan coma resultado unha propiedade libre de cargas de todo tipo coma ben de dominio público, non sometido polo tanto a limitacións derivadas de dereitos reais de carácter privado coma sería o dereito de servidume. A actuación municipal no referente aos viais e a peonización proposta se enmarca dentro da competencia municipal en relación coa seguridade en lugares públicos, que implica a ordenación, vixilancia e disciplina das vías públicas urbanas (artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
4. Este mesmo artigo 25 da LRBRL refire coma competencia do Concello en materia de “tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade”. Neste senso, a modificación da ordenanza non fai senón desenrolar o contido da referida competencia no exercicio das súas atribucións lexítimas, regulando o tráfico na rúa Real no senso que a corporación municipal entende máis axeitado para o interes xeral do Concello. Neste senso non se pode considerar que o dereito de propiedade dos titulares de vivendas na rúa real inclúa o dereito de estacionar o seu vehículo na propia rúa ou circular sen restriccións pola mesma. Existen sobrados exemplos, moitos mencionados polo mesmo dicente no seu escrito rector, de rúas peonais en tódolos Concellos do entorno e en ningún caso a regulación do tráfico pode dar lugar a un suposto indemnizatorio para os propietarios de inmobles que den fronte ás devanditas zonas peonís, nin moito menos a responsabilidade patrimonial por parte do Concello nin a un procedemento de expropiación.

En canto aos delitos mencionados, a aprobación da modificación dunha ordenanza municipal

cumprindo os trámites legais establecidos para a mesma, con tódalas garantías establecidas no procedemento coma a audiencia pública e co concurso e participación de tódalas forzas con representación no Concello non integra ningún dos tipos delictuais mencionados, quedando a salvo o dereito do alegante a interpoñer as accións que considere oportunas.

Sétimo. Modificar o texto aprobado inicialmente, nos seguintes términos: Modifícase o horario para a carga e descarga con carácter xeral para tódalas zonas e percorridos establecidos ampliando o mesmo en media hora, pasando o mesmo a ser de 8h a 11:30 horas. No referente á zona de carga e descarga ubicada na praza Camilo José Cela, establécese con carácter restrinxido a esta zona en concreto un horario de carga e descarga polas tardes de 15:30 a 17:30 horas.

Así mesmo, se introduce a emenda de suprimir a referencia "correspondente ao ano en curso" do artigo 33.5, referente á obriga de levar nun lugar visible a tarxeta que acredita a autorización para circular polo percorrido establecido aos titulares de prazas de garaxe ubicadas no casco histórico, por se tratar dun erro material arrastrado da redacción anterior da ordenanza, debido a que co réxime establecido na actualidade as tarxetas non se renovarán con carácter anual, senón só por modificacións obxectivas das circunstancias da autorización.

Oitavo. Aprobar definitivamente a modificación número un da Ordenanza Xeral de Circulación e uso da Vía pública, cuxo texto se recolle como anexo a este acordo, e publicar este no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Noveno. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime pertinente.

ANEXO: MODIFICACIÓN Nº 1 DA ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA.

Un. Modifícase o artigo 16 que queda redactado como segue:

Artigo 16. Clasificación das vías urbanas.

Atendendo ao seu uso, función, capacidade e á ordenación da circulación, as vías urbanas do municipio de Padrón clasifícanse en:

- a) Vías de uso peonil.
- b) Vías de libre circulación.

Dous. Modifícase o artigo 17 que queda redactado como segue:

Artigo 17. Vías de uso peonil.

1. Con carácter xeral, por razón de protección do patrimonio histórico da vila de Padrón e de prevalencia do uso peonil das rúas do casco histórico, prohibese a circulación e estacionamento de vehículos no ámbito do casco histórico do Concello de Padrón, definido coma o recinto enmarcado pola rúa Castelao, Porta Fondo de Vila, Avenida de Compostela e rúa do Bordel, conforme a delimitación gráfica obrante no plano adxunto nº 1.

2. Quedan exceptuados da prohibición xeral de circulación establecida no punto anterior os seguintes supostos especiais, nas condicións que se determinan a continuación:

- a) Vehículos de bombeiros, emerxencias, Policía Local e corpos de seguridade do Estado, así coma do servizo de obras, limpeza e parques e xardíns do Concello e os taxis no exercicio das súas funcións de servizo público, así coma os vehículos de autoridades no exercicio da súa función.
- b) Vehículos de subministro de servizos e abastecemento aos locais comerciais do casco histórico, con sometemento ao seguinte horario: De luns a sábado, ambos inclusive, de 8:00 horas a 11:30 horas, con pleno



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

sometemento ás condicións establecidas para a carga e descarga.

Na zona de descarga correspondente á plazuela de Camilo José Cela, establécese un horario de tarde adicional de 15:30 horas a 17:30 horas, restrinxido tan só a esta zona de carga e descarga.

Estes vehículos levarán a cabo as súas operacións de carga e descarga exclusivamente nos percorridos definidos no plano adxunto nº 2, composto polas rúas Real, plazuela de Camilo José Cela, Rúa Dolores, praza de Fillos e Amigos de Padrón, praza Rodríguez Cobián e rúa Rosalía de Castro, quedando prohibida a súa circulación polo resto das vías peonís.

- c) Vehículos de propietarios ou arrendatarios de prazas de garaxe sitas na zona peonil, nas condicións establecidas no artigo 32 e concordantes da presente ordenanza.

3. Os vehículos exceptuados da prohibición de circulación pola zona peonil non poderán sobrepasar en ningún caso o peso máximo engadido de 3.500 kg. Cando por razóns xustificadas, coma a celebración de eventos, necesidades xurdidas pola execución de obras ou outros motivos, sexa necesaria a entrada na zona peonil dun vehículo con peso máximo engadido superior ao autorizado, ou de dimensións especiais, solicitaráse tal circunstancia no departamento de Tráfico do Concello, outorgándose polo alcalde a correspondente autorización previo informe do departamento, se procedere. A circulación e permanencia no recinto peonil dos citados vehículos estará sometida en todo momento ao cumprimento das condicións e medidas de seguridade determinadas na resolución que, no seu caso, autorice a mesma. (control de tipo de carga, itinerario, día e hora de acceso, estacionamento, ou posibilidade de impor unha fianza para responder polos posibles desperfectos ocasionados aos servizos públicos)

4. As persoas que por razóns de enfermidade ou minusvalía, ou outros/as cidadáns/ás que por motivos xustificadas precisen acceder á zona peonil fóra do horario ou das condicións establecidas, deberán solicitalo no departamento de Tráfico do Concello que, tralas comprobacións oportunas, emitirá o correspondente informe para a súa autorización polo Alcalde nas condicións que se sinalen.

5. Nos casos en que resulte preciso o acceso á zona peonil con carácter urxente fóra do horario establecido por vehículos non autorizados, por razóns que deberán xustificarse cumpridamente, o interesado procederá a presentar unha comunicación previa ou declaración responsable con alomenos 24 horas de antelación especificando o traxecto a realizar e o período de permanencia na zona peonil no Departamento de Tráfico do Concello. Antes da data e hora indicadas para a entrada o Concello poderá denegar a mesma ou ben requirir documentación ou información adicional, entendéndose autorizada a entrada noutro caso.

Tres. Suprímese o contido dos artigos 18, 19 e 20.

Cuarto. Suprímese o contido do apartado 1 do artigo 21.

Quinto. Modifícase o artigo 32 que queda redactado como segue:

Artigo 32. Limitacións nas vías peonís.

Queda eliminado o estacionamento e circulación de vehículos de calquera tipo nas vías de uso peonil.

Os que acrediten ter en propiedade ou en aluguer unha praza de garaxe dentro da zona peonil, poderán circular pola mesma aos sós efectos de acceder á súa praza de garaxe, e nunca para estacionar na vía pública, nos termos do artigo seguinte.

Sexto. Modifícase o artigo 33 que queda redactado como segue:

Artigo 33. Réxime de propietarios/as ou arrendatarios/as de prazas de garaxe na zona peonil.

1. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as de prazas de garaxe na zona peonil deberán solicitar no departamento de Tráfico a oportuna tarxeta, na que se lles sinalarán os puntos de entrada e saída tendo en conta a ubicación da súa praza de garaxe.

O modelo de tarxeta será aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Poderán obter a correspondente tarxeta acreditativa as persoas físicas ou xurídicas incursas na situación prevista no apartado anterior mediante a presentación da oportuna instancia no Rexistro Xeral do Concello de Padrón no prazo que se determine para este efecto, achegando a seguinte documentación:

- a) DNI ou CIF.
- b) Escritura de propiedade da praza de garaxe ou copia do contrato de aluguer da mesma. Nesta documentación deberá constar o número e a ubicación da praza.
- c) Permiso de circulación do vehículo.
- d) Último recibo do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

3. Os/as interesados/as en obter esta tarxeta deberán estar ao corrente no pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica e non ter pendentes por vía executiva multas de tráfico aprobadas por resolución firme desta Alcaldía.

4. Unha vez efectuadas as comprobacións oportunas, os servizos municipais designados para esta función expedirán a tarxeta logo de pagado o prezo público determinado na ordenanza fiscal correspondente.

5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada.

6. Concederáse unha única tarxeta por praza de garaxe, con ata un máximo de 3 vehículos por tarxeta. Os vehículos con tarxeta que non ocupen a citada praza de garaxe por mor de estar ésta en uso por outro dos vehículos adscritos á mesma non están autorizados a circular ou estacionar na zona peonil. O vehículo en uso da tarxeta en cada momento deberá levar a mesma visible nos termos do punto anterior.

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.

Sétimo. Suprímese o contido do artigo 34.

DISPOSICIÓN DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA.

Habilitase á Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón para modificar o horario previsto no artigo 17.2.b) da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA.

A presente modificación entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

PLANOS 1 E 2



PLANO 1 INDICATIVO DO RECINTO DELIMITADOR DE VIAS DE USO PEONIL:
RUA CASTELAO - RUA DA PORTA DE FONDO DE VILA - AVENIDA DE COMPOSTELA - RUA DO BORDEL.



PLANO 2 INDICATIVO DE RUAS CON CIRCULACIÓN PERMITIDA PARA ACTUACIONES DE CARGA E DESCARGA E ZONAS HABILITADAS PARA CARGA E DESCARGA.
 RUAS: RUA REAL - PRAZA DE C.J.CELA - RUA DO LORES - RUA ROSALIA DE CASTRO - PRAZA DE FILLOS E AVOGOS DE PADRÓN - PRAZA DE RODRIGUEZ COBIÁN.
 ZONAS: PRAZA DE C.J.CELA - PRAZA DE RODRIGUEZ COBIÁN - PRAZA FRENTE PALACIO DE QUITO - PRAZA DE RAMON TOXO - PRAZA DO CASTRO -
 FINAL DA RUA REAL (FRONTE OS XULGADOS) .

Non habendo ningunha intervención, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 19 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as vinte horas e dous minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina connigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.



O Alcalde-Presidente

Asdo. Antonio Fernández Angueira



A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez.